



## ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

### ARTIGO 1.-

De conformidade co establecido no art. 73 da Lei 39/88, de 28 de decembro, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable a este concello queda fixado nos termos que se establecen no articulo seguinte.

### ARTIGO 2.-

1. tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicables os bens de natureza urbana queda fixado no 0.46%.
2. tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicables os bens de natureza rústica queda fixado no 0.65%.

### ARTIGO 3.-

1.- Gozarán de exención os bens de natureza urbana que teñan unha base imponible inferior a 1.803,04 € (cota liquida de 8,2 €), así como os de natureza rústica, cando para cada suxeito pasivo a base imponible correspondente a totalidade dos seus bens rústicos no concello sexa inferior a 1.803,04€ (cota liquida agrupada, segundo o establecido no art. 78 da Lei de facendas locais, de 11,71€).

2.- As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

- Xeral: bonificación do 50% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que tendo dous fillos un deles sexa discapacitado ou estea incapacitado para o traballo.
- Especial: bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.

Aos efectos de clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas.



Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.

Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar xunto coa solicitude de bonificación os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA:**

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no B.O.P. e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

- Aprobada polo Pleno en sesión de 3 de 23 de setembro de 1989.
- Publicado no BOP de 27 de decembro de 1989.
- Aprobada a última modificación polo Pleno de 28 de febreiro de 2008.
- Publicada no BOP nº 111, de 10 de xuño de 2008.